

# Periparus ater (Linnaeus, 1758)

	ferreiriño negro
	carbonero garrapinos
	pinu-kaskabeltza
	mallerenga petita
	coal tit
	chapim carboeiro



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	9,5 g
<b>Lonxitude</b>	11,5 cm
<b>Envergadura</b>	17-21 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Paridae	<i>Periparus</i>

## ALIMENTACIÓN

Arañas, insectos adultos e larvas; en inverno completa a dieta con piñóns.

## COMPORTEMENTO

Ten unha conduta bastante acrobática: cólgase boca arriba con frecuencia e incluso chega a punta das ramas. Picotea de forma moi audible as piñas. Polo xeral busca o alimento en zonas altas, e rara vez se ve picoteando no chan.

Trátase dunha especie gregaria fora do período reprodutor e forma bandos familiares intraespecíficos, frecuentemente asociados con outras especies que cooperan na vixilancia fronte posibles depredadores. Son territoriais e solitarios durante o período reprodutor.

## REPRODUCCIÓN

Celo dende xaneiro. Dúas postas ao ano, nas que a femia pon 5-10 ovos de cor clara, con motas vermellas, que incuba 14-18 días. Os polos abandonan o niño aos 16-19 días e despois de dúas semanas independízanse.

## HÁBITAT

Principalmente piñeirais de ambientes frescos; en menor medida en caducifolias.

## DISTRIBUCIÓN

Trátase dun ave estendida por grande parte de Europa e Asia.

## CURIOSIDADES

A súa cabeza distintiva, con capirote, queixo e garganta negros e meixelas e caluga negras, fai que sexa unha especie inconfundible.

Na península topamos *Periparus ater* subsp. *vieirae*.